



BASES DO CAMPAMENTO URBANO DE NADAL 2024/25.

Artigo 1. Convocatoria.

A Concellería de Xuventude organiza o CAMPAMENTO URBANO DE NADAL 2024/25 (CEIP AREALONGA) coincidindo co período vacacional. A actividades inclúen obradoiros artístico creativos, manualidades, xogos guiados e libres, etc.

Artigo 2. Obxectivos.

Os obxectivos do servizo son:

- Desenvolver actividades socioeducativas e de lecer de apoio á infancia aproveitando o período vacacional de nadal.
- Previr situacións de vulnerabilidade e exclusión social nos/as menores.
- Contribuír á mellora das condicións de vida e sociais dos/as menores do noso contorno.
- Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral das familias.
- Facilitar o disfrute e a calidade do tempo de lecer dos/as menores.
- Favorecer o desenvolvemento integral do neno/a: desenvolvemento motor, intelectual e socioafectivo.
- Favorecer a autonomía e a liberdade do neno/a, potenciando a súa creatividade e imaxinación
- Favorecer o proceso de socialización dos/as rapaces/zas.

Artigo 3. Destinatarios/as e requisitos de acceso.

- O servizo está dirixido a 30 nenos e nenas nados entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de decembro de 2020, empadroados/as no Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Das 30 prazas, 6 serán de adxudicación directa por derivación dos Servizos Sociais do Concello.
- Terán acceso directo ao servizo as unidades familiares nas que a nai se atope en situación de violencia de xénero.
- O/a solicitante deberá estar empadroado/a no municipio de Vilagarcía de Arousa.

Artigo 4. Lugar e Data.

Desenvolverase os días 23, 24, 26, 27, 30 e 31 de decembro e 2 e 3 de xaneiro no Ceip Arealonga.

Artigo 5. Horario.



O horario establecido será de 9.00 h. a 14.00 h. establecendo un tempo de merenda a media mañá. O horario de entrada será de 9.00 h a 9.30 h e o horario de saída será de 13.30 h á 14.00 h.

Artigo 6. Solicitudes e Proceso de Selección.

6.1. Solicitudes: As familias deberán presentar unha soa solicitude de inscrición por neno/a (excepto no caso de que se inscriba a varios/as nenos/as da mesma unidade familiar) facilitada na sede electrónica do Concello, acompañada da documentación indicada no Anexo I. As solicitudes deberán ser presentadas na Sede electrónica do Concello ou na Oficina de Asistencia en materia de Rexistro do Concello de Vilagarcía de Arousa en horario de 8.30 h. a 14.30 h. (luns a venres).

IMPORTANTE:

A sinatura da solicitude implica o coñecemento e acatamento das bases do servizo. As solicitudes que non presenten a documentación acreditativa para o acceso ao programa, no caso de obter praza, quedarán excluídas de non seren completadas antes do acceso ao programa. A administración local en calquera momento poderá pedir información e /ou máis documentación que permita comprobar a veracidade dos datos incluídos na mesma.

O prazo de presentación das solicitudes será do 20 ao 28 de novembro.

6.2. Selección dos/as participantes e listas de espera.

Unha vez finalizado o prazo de inscrición, elaboraranse as listas con todos/as os/as solicitantes inscritos/as.

2. Proceso de Selección:

A adxudicación pode ser:

Directa: no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles.

Por sorteo público, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles, coa excepción dos/as nenos/as fillos de vítimas da violencia de xénero, así como dos nenos/as derivados dos Servizos Sociais do Concello, que terán praza adxudicada directamente.

O procedemento de sorteo público, de se-lo caso, levarase a cabo do seguinte xeito:

- Publicación, o día 10 de decembro, da listaxe de admitidos/as ao sorteo co número de participación asignado. Os/as nenos/as que sexan irmáns terán asignado o mesmo número de participación de xeito que, no caso de ter praza adxudicada a terían todos os irmáns, da mesma unidade familiar e que cumpran cos requisitos das presentes bases, participantes.
- Adxudicación, mediante sorteo público, o 11 de decembro ás 12.00 h no Salón de Plenos do Concello



O día 13 de decembro publicaranse as listas coas persoas admitidas na páxina www.sede.vilagarcia.gal
A solicitude de praza no Campamento de Nadal supón a aceptación das bases que rexen esta actividade.

No caso de que se produzan baixas, a Concellería de Xuventude contactará, seguindo a orde vixente na lista de espera. Para contactar co solicitante, se realizarán tres chamadas entre as 9.00 e as 14.00 h. que quedarán rexistradas como constancia da súa realización. De non contactar coa persoa interesada, ésta será dada de baixa e chamarase á seguinte na lista de espera.

Artigo 7. Seguemento e Avaliación.

O seguemento do servizo realizarase mediante informes mensuais e a comunicación e coordinación co persoal e cos/as usuarios/as do servizo, establecéndose unha avaliación continua do mesmo que deberá reflexarse nunha memoria final.

Artigo 9. Faltas ao servizo

Será considerada falta ao servizo a non asistencia.

Considerarase causa xustificada aquelas faltas que, aportando a documentación correspondente, fosen motivadas:

- Saúde: enfermidade ou asistencia a consultas ou tratamentos médicos/especialistas.
- Laborais: modificación de turnos de traballo/ formación dos pais, nais, titores ou representantes legais.
- Cumprimento de medidas paterno filiais segundo acordo regulador ou resolución xudicial.

O resto de faltas na asistencia ao servizo serán consideradas faltas sen xustificar, cun máximo de dúas faltas consecutivas ou tres nunha semana.

Artigo 10. Cota.

A actividade é gratuíta.

Observacións:

A Concellería de Xuventude e a empresa concesionaria do desenvolvemento das actividades do Campamento Urbano de Nadal non se farán responsables dos posibles obxectos persoais que deixen os/as participantes o último día de campamento, polo que se prega a cada pai/nai que revisen, o último día antes de abandonar o campamento, as pertencencias dos seus fillos/ fillas.

ANEXO I. Documentación a presentar:

1. Solicitude de inscrición.
2. Copia do DNI dos proxenitores e do/a menor (de non ter DNI, folla correspondente do libro de



familia)

3. Autorización para a participación do/a menor na actividade.
4. Cuestionario médico sanitario.
5. Folla de matrícula.
6. Certificado de recoñecemento minusvalía ou do grao e nivel de dependencia e un informe explicativo do tipo de discapacidade ou das características do/a menor, para os efectos da selección axeitada do persoal de apoio que vai necesitar (de selo caso).
7. Documento acreditativo de situación de violencia de xénero emitido polo CIM municipal (de selo caso).

ANEXO II

Normas para o bo funcionamento do servizo de CAMPAMENTO URBANO DE NADAL 2024/25.

- 1- Ao inicio do servizo os pais/nais titores ou responsables legais deberán cubrir unha ficha de matrícula facilitando un teléfono de contacto para o persoal do centro durante a prestación do servizo. Así mesmo, deberán asinar as autorizacións para: asistencia ás actividades do servizo, administración de medicamentos (se fose necesario e indicando horas, dose e receta médica), trasladar ao neno/a en caso de emerxencia, recollida doutra persoa do/a neno/a.
- 2- Os/as nenos /as deberán asistir ao servizo en condicións de hixiene axeitadas e no caso dos/as nenos/as de seis anos en diante con dúas mascarillas para uso diario.
- 3- Os/as nenas deberán cumprir o horario acordado co servizo. En caso de variación deberá ser comunicado ao servizo.
- 4- En caso de non asistencia ao servizo, deberá ser comunicada e xustificada.
- 5- Os alimentos para a merenda serán aportados polas familias, en bolsa individual, seguindo unha dieta saudable e equilibrada para os nenos/as. En ningún momento se enviarán alimentos para compartir.
- 6- En todo momento, primará o bo trato, o respecto e a comunicación axeitada entre as familias, os/as nenos/as, e os/as técnicos/as do servizo.